

# Bases do proceso de selección para a participación nas mobilidades Erasmus+ do alumnado dos Ciclos Superiores do IES Rosalía de Castro

<b>Curso académico</b>	2022-2023	<b>Nivel Formativo</b>	CICLOS SUPERIORES
<b>PROCESO DE SELECCIÓN PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+ DO ALUMNADO</b>			
<b>Órgano convocante</b>	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Rosalía de Castro		
<b>BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto KA 131 HED do Programa Erasmus+ da Acción clave: <i>Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA1)</i></b>			
<p>Todo o alumnado matriculado no curso 2022-2023 que rematara 2º curso do ciclo en Marzo e que desexe participar no proxecto será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das persoas candidatas.</p> <p>Para este proceso convócanse 5 mobilidades Erasmus+ para a realización da FCT.</p> <p>Deberán cubrir o <u>formulario de solicitude de participación</u> no proceso achegado <u>antes das 14:00 do 11 de Xaneiro de 2023</u>.</p> <p>O proceso de selección consistirá na valoración dos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O expediente académico de cada candidata/o e o informe do equipo docente. (20 %)</li> <li>- A competencia lingüística en Inglés ou outros idiomas comunitarios. (20%)</li> <li>- A motivación profesional e méritos. (20%)</li> <li>- A entrevista personal e grao de madurez. (40 %)</li> </ul> <p>Resérvase unha praza para o alumnado con algunha discapacidade. Terá preferencia o alumnado que nunca participara nalgún proxecto do Programa Erasmus+.</p>			
<b>1. Expediente Académico (máximo 2 puntos)</b>			
<p>Valorarase ata un máximo de 2 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do Ciclo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-De 5 a 6,49: 0,5 puntos.</li> <li>-De 6,5 a 7:49: 1 punto.</li> <li>-De 7:50 a 8,99: 1,5 puntos.</li> <li>-De 9 a 10: 2 puntos.</li> </ul> <p>Non se terán en conta as cualificacións convalidadas.</p>			
<b>2. Coñecementos de idiomas (máximo 2 puntos)</b>			
<p>a) Certificados de nivel do idioma do país de destino (ou inglés no seu defecto). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado (ata 2 puntos):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A2: 1 punto.</li> <li>-B1: 1,25 puntos.</li> <li>-B2: 1,5 puntos.</li> <li>-C1: 2 puntos.</li> </ul> <p>Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.</p> <p>Sen certificado oficial realizarase unha proba de nivel (escrito+oral), e/ou se será en conta a valoración do profesorado que imparte aulas de inglés ás persoas candidatas.</p> <p>b) Valorarase o coñecementos doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para o apartado a) ata un máximo dun punto.</p>			
<b>3. Motivación profesional e méritos (máximo 2 puntos)</b>			
Valorarase con 0,5 puntos cada curso realizado, asistencias a xornadas, voluntariado, etc. relacionados coa titulación.			
<b>4. Entrevista persoal e grao de madurez (máximo 4 puntos)</b>			
Valoraranse as habilidades persoais e sociais, o interese, carta de motivación, a iniciativa, etc. das persoas candidatas. Tamén valorarase a acreditación da pertenza a ONG ou á participación en programas de voluntariado.			
POLA COMISIÓN DE MOBILIDADES			
Asdo: Saleta Alberti Pulet			
<b>Data</b>	En Santiago a 15 de Decembro de 2022		